

Mellorar o agro formando á xuventude



Curso de "Incorporación á explotación agraria, orientación vacún de leite" en Rodeiro

Segundo a Oficina Europea de Estatística da Comisión Europea, por cada persoa que se incorpora á agricultura de maneira profesional, xéranse entre 8 e 10 empregos. Con este dato por diante, e sabendo que gran parte das actividades ligadas ao agro se desenvolven en zonas rurais afectadas polo despoboamento, cobran especial importancia tres proxectos realizados por AGACA no marco da Confederación Empresarial Española da Economía Social (CEPES) para a incorporación de persoas mozas á actividade agrogandeira e a consolidación das cooperativas, para a mellora da competitividade das explotacións leiteiras e para o emprendemento en economía social.

As cooperativas e entidades que operan na economía social teñen un gran potencial para favorecer o contorno no que desenvolven a súa actividade. Isto é así tanto dende o punto de vista económico e laboral, procurando un apoio a explotacións agrarias e gandeiras á hora de producir, transformar e comercializar os seus produtos, como dende o punto de vista social, achegando á súa comunidade formación, servizos e, en última instancia, un tecido produtivo e profesional que asenta poboación.

Neste contexto, AGACA, no marco de CEPES, pon en funcionamento tres proxectos enmarcados no obxectivo temático número 8 (Promover a susten-

tabilidade e a calidade do emprego e favorecer a mobilidade laboral):

- "Incorporación de xuventude á actividade agrogandeira e consolidación das cooperativas agroalimentarias de Galicia", no que se inscriben actividades formativas.
- "Mellora da competitividade das explotacións de gando de vacún de leite a través da redución da pegada de carbono e da pegada hídrica".
- "Itinerario do emprendedor", para facilitar este tipo de iniciativas.

Incorporación e consolidación

As cooperativas agrarias son un mecanismo eficaz para atraer persoas mozas ao traballo no agro, axudando a superar determinados desafíos a través da prestación de servizos técnicos, de subministración de insumos, apoio financeiro, tramitación de axudas, formación e información etc.

As iniciativas nas que intervén AGACA pretenden dar un paso cara a profesionalización das persoas mozas que accedan ao sector, ben iniciando unha explotación, ben como continuadores. Así, ofrecen a información imprescindible para que se incorporen á actividade agrogandeira na cooperativa que opere dentro do seu ámbito.



Tamén pretenden o mantemento das cooperativas, sexa mediante a incorporación de novas persoas socias, sexa asegurando a continuación e mantemento de socios xa existentes.

Accións asociadas

Na primeira acción, o curso de "Incorporación á explotación agraria, orientación vacún de leite", de 250 horas, participan 13 persoas, dende o 9 de xullo ata o 5 de outubro, en Rodeiro.

Trata as seguintes temáticas: a empresa agraria e a súa xestión técnico-económica, o asociacionismo, a comercialización e a trazabilidade, as relacións laborais e a prevención de riscos laborais, a sensibilización medioambiental, a agrotecnoloxía, a produción de forraxes e a alimentación do gando, a produción de leite e o manexo do gando.

As persoas que superen os exames recibirán un certificado emitido pola Consellería do Medio Rural e poderán pasar á seguinte das accións formativas: "Aplicación/manipulación de produtos fitosanitarios. Nivel Básico", de 25 horas lectivas, orientada á obtención do carné de aplicación de fitosanitarios.

Para a devandita acción, o temario segue os preceptos do Real Decreto 1311/2012, de 14 de setembro, e inclúe formación tanto teórica coma práctica.

En canto aos produtos, trata: clasificación e descrición das pragas dos cultivos, etiquetado, produtos fitosanitarios e fichas de datos de seguridade (clasificación e descrición dos produtos, pictogramas, palabras de advertencia, frases de risco ou indicacións de perigo, consellos de prudencia, síntomas de intoxicación e recomendacións de uso).

En canto á natureza: riscos para o medio ambiente derivados do uso de fitosanitarios (medidas de redución de riscos e de emerxencia en caso de contaminación accidental, xunto con boas prácticas para preservación de recursos naturais e augas, e eliminación de envases baleiros).

En canto á saúde, explicárase o concepto de seguridade alimentaria, a perigosidade dos fitosanitarios para as persoas usuarias e consumidoras xunto con modos de evitalos, e medidas de emerxencia por contaminación accidental e riscos para poboación en xeral.

Competitividade e ecoinnovación

"Mellora da competitividade das explotacións de gando de vacún de leite mediante asesoramento para a redución da pegada de carbono e a pegada hídrica" axuda ás granxas a preservar os recursos do territorio e a adecuar os sistemas de produción cara a sustentabilidade medioambiental, a sistemas de aforro enerxético e a un consumo responsable de recursos coma a auga, co que ademais se poden beneficiar economicamente.

Por tanto, a finalidade deste proxecto, cuxo desenvolvemento se estende ata o ano 2020, é mellorar a competitividade das explotacións de vacún de leite, co fomento das boas prácticas para reducir os consumos de auga e de enerxía nas granxas de vacún de leite, así como a redución de residuos, mediante a formación de axentes de *ecoinnovación* que asesoren aos produtores.

Así, as persoas titulares de granxas que participen no proxecto terán un asesoramento individualizado e acadarán coñecementos mínimos imprescindibles para reducir custos de produción ao baixar os consumos de enerxía e auga. Tamén aprenderán a aproveitar sinerxías para reducir a pegada de carbono e a pegada hídrica, a través do asesoramento e da transferencia de coñecementos dende os centros de investigación cara as explotacións.

Metodoloxía

Na primeira fase establécese unha rede de cooperación para a *ecoinnovación*, onde posibilitar a transferencia de coñecementos entre centros tecnolóxicos, industria, cooperativas e produtores, así como a apertura de liñas de investigación. A transferencia será facilitada por axentes de *ecoinnovación*.



Na segunda fase adóptanse estratexias de *ecoinnovación* e de asesoramento ás explotacións para mellorar a produtividade. Para iso, analízanse as explotacións por tamaño e tipoloxía de proceso produtivo en canto a pegada de carbono e pegada hídrica, para obter unha modelización dos seus consumos de auga e de enerxía. Cada explotación obterá un informe diagnóstico individualizado que permita identificar estratexias de *ecoinnovación* alternativas para a redución destes dous consumos.

A terceira fase contempla talleres de formación a titulares de explotacións gandeiras para a aplicación de Meliores Prácticas Dispoñibles para coñecer e reducir o consumo de auga e enerxía nos procesos produtivos das granxas de leite

Itinerario Emprendedor

Este proxecto busca facilitar o desenvolvemento sostible da actividade agrogandeira para persoas mozas emprendedoras dentro do marco da economía social.

Recibirán, por parte do persoal técnico de Agaca, atención, acompañamento e asesoramento individualizados, adaptados ás súas iniciativas emprendedoras, en materias como identificación de fortalezas e debilidades dos seus proxectos, deseño e validación de modelo de negocio, planificación estratéxica e operativa ou xestión de proxectos.

**Convidamos a calquera
persoa interesada en iniciar un
proxecto emprendedor no sector
agroalimentario e no medio rural a
contactar con AGACA para recibir,
de xeito gratuíto, asesoramento
e acompañamento ao longo da
iniciativa.**